

# RITA LEVI-MONTALCINI

Rita Levi-Montalcini naceu en Turín en 1909 no seu dunha acomodada familia xudía. O seu pai agardaba que Rita se convertese nunha verdadeira dama e casase cun pretendente; mais ela quería ser doutora.

Graduouse con matrícula de honra na Facultade de Medicina en 1936 e, malia isto, non tiña perspectivas reais de conseguir algún traballo. Comezou tres anos de especialización en Neuroloxía e Psiquiatría, pero Italia era unha das forzas do Eixo na II Guerra Mundial e, en 1938, as leis antisemitas prohibían que os xudeus practicasen a medicina. Rita tivo que abandonar o seu traballo na Universidade de Turín.

Mais nada ía impedir que Rita perseguise os seus soños. Trasládouse a Florencia. Montou un laboratorio improvisado no seu cuarto e empezou a súa investigación. Con ovos que lles pedía aos granxeiros practicaba a microcirurxía con agullas de coser e pinzas de reloxeiro. Así comezou a estudar as primeiras fases do crecemento nervioso en embrións de polo. Este traballo constituíu a base de toda a súa carreira.

Cando rematou a guerra, Rita retornou ao mundo científico oficial cunha investigación que xa estaba moi adiantada. Pedíronlle que asistise como docente un semestre á Universidade de Washington de Saint Louis e alí permaneceu 30 anos estudando e investigando.

Nos anos 50 descubriu o factor de crecemento nervioso NGF, o sinal químico que utilizan as neuronas para organizar o traballo, para saber por onde teñen que desenvolverse as súas prolongacións e de qué xeito. O NGF foi o primeiro dunha longa lista de factores de crecemento que controlan o desenvolvemento e a maduración do cerebro e doutros tecidos.

En 1986 Rita Levi-Montalcini recibiu o Premio Nobel de Fisioloxía ou Medicina polo seu descubrimento dos factores de crecemento nervioso. Tiña 77 anos, e continuou traballando e investigando ata a súa morte, cando contaba con 103 anos.

A loita de Rita polos dereitos humanos tamén se desenvolve desde o mundo político. No ano 2001, o presidente Ciampi noméaa senadora vitalicia. Tiña 92 anos.

Loitou contra as minas antipersoas e pola responsabilidade da ciencia con respecto á sociedade. A proposta súa pónense os cimentos do Instituto EBRI en Roma, un centro internacional para a investigación do cerebro que botou a andar en 2009.

Carmen Rodríguez Novelle

3º ESO A